

AÑO I - N.º 3

20 PÁGS

FUNDADA 70

1996

A.E.G.

ASOCIACION DE ESTUDIANTES POR GALICIA

Magosto 96

TOMA
CASTANA!



A
 D
 I
 V
 O
 R
 I
 A
 L

¡O terceiro !

Manda truco, xa van tres. Este, como veredes, échevos algo máis curioso e un pouco máis reflexivo (moito ensaio). De tódolos xeitos, traballíño douno o mesmo. Neste número tentamos amosarvos a tradición destas datas, filosofamos un pouquiño das nosas cousas, abucharamos a cuestión de Bens, lembramo-la traxectoria do Galicia de Mugardos (pra próxima vai do Numancia), aos Resentidos, entrevistamos a Newt e sobre todo rememoramos o impresionante despliegue de medios do "I MACROCONCERTO ROCK A.E.G."

Ben, agardamos que vos guste a revista, pra eso pagades, e que vos animedes, cando menos, a recupera-la fala e a tradución sen "cortes" e abandonando a cuestión española, que moitos xa o fixemos.

Ata a próxima.

Inda que mermamos en número por causa do cambio de curso (moitos estaban en C.C.U.) confiamos en que se apunte máis xente segundo vaian pasando os días. Agora somos Carmen, Joaquín, Marta, Begoña, Fon, David, Fran, Pablo, Antía, Lidia, César, Jessica, Anabel, Sara V., Xulia, Alicia, Job, Jesús, e os que se apunten...

Graciñas...
 á Biblioteca Municipal de Mugardos, á Oficina de Información Xuvenil do Concello, á Dirección do Instituto, a Xose (o bedel), á A.P.A., a Newt, a tódolos que colaboráchedes na macroenquisa e sobre todo a Angel Pena polo ordenador, a impresora e a paciencia.

| | |
|---|----|
| SUMARIO..... | |
| EDITCRIAL | 2 |
| MAGOSTO 1996 | 3 |
| REFLEXIONS | |
| .Revolta nas aulas | 4 |
| .¿Outra revolta? | 5 |
| .Isto non é Haway... | 5 |
| .Catrocentos voltios | 6 |
| .Cuestión de idiotas | 6 |
| ENTEIRATE | 7 |
| OS NOSOS NOMES | |
| .Pancho | 7 |
| BUZON DO ESTUDANTE | 8 |
| NATUREZA | |
| .O vertedoiro de Bens | 9 |
| CRONICA DO I MACRO- CONCERTO ROCK A.E.G. | 10 |
| MILI KK | 12 |
| DEPORTES | 13 |
| Musica | |
| .Os Resentidos | 14 |
| .Trash-metal mugardés | 15 |
| FORTU & BIRRAS | 16 |
| HUMOR | 18 |

O MAGOSTO: UNHA TRADICIÓN

A castañada é unha festa outonal que resalta o senso da unidade entre tódolos que participan nela, reafirmando a unidade do povo, é a expresión do comunitarismo agrario. Ista reunión tiveron un enorme valor da difusión da nosa cultura popular porque nelas os máis vellos contaban historias, contos e lendas aos máis novos.

O Magosto é principalmente un rito de agradecemento aos froitos da terra: á castaña, ao viño, ao millo e ao centeo. Ista festa tamén ten carater sacro con connotacións funerarias xa que naceu como conmemoración e recordo aos mortos. A castaña e o viño simbolizan a alegría, e as castañas que reventan no lume simbolizan á morte.

Na celebración do Magosto dábase unha separación de idades: o Magosto dos nenos e o Magosto dos mozos. No Magosto dos nenos o elemento máis importante é a castaña, mentres que no dos mozos é ceceais o viño o elemento indispensable que, xunto cos chourizos asados, produce maravillas no ánimo dos xoves que celebran a castañada entre cantos, aloumiños, revolcóns e feluxes.



O Magosto era unha reunión de nenos, de xoves ou de veciños que se celebraba no alto dos cumes, nembargantes hoxe é un grupo de persoas que, ao abrigo dos altos edificios urbáns e á búsqueda dalgún premio ofrecido por institucións chamadas "culturais", asan as castañas e os chourizos e beben un bó viño á espera do fallo do xurado. Iso non é o Magosto, é unha imaxe totalmente deformada da verdadeira mensaxe étnica que tan arraigada tradición nos transmite. Non podemos esquecer que o Magosto naceu no monte e debemos facer que volva se queremos que viva o seu esplendor como manifestación cultural do povo.

Antía Hevia Gómez

REVOLTA NAS AULAS

Chegou o momento. Aprobamos oitavo da E.X.B. e temos que elixir qué imos facer da nosa vida. Algúns decídense máis ca outros e marchan pra F.P. Outros eliximos deixarnos levar por B.U.P. a ver se cando cheguemos a segundo ou a terceiro se nos ocorre algo, xa algo máis medradiños. Tamén hai quen chega disposto a levarse B.U.P. por diante, dereito cara á carreira sempre soñada. Mais a todos nos une algo en común: a vontade de face-la Ensinanza Secundaria por propia elección nosa, agora xa sen obrigas paternas.

É maravilloso comprobar como algúns dos novos profesores captan as boas vibracións e dannos un pulo máis forte, se cadra, pra decidírmolo noso futuro universitario. Sería o perfeto, algo maravilloso, máxico, incluso paradisíaco; o profesor sería un profesional da ensinanza que fomentaría o noso interese polo mundo que nos rodea, que nos prepararía pra o mundo *de verdade*, faríanos adultos... mais isto, por desgracia, poucas veces ocorre.

Chegados a este punto debemos lembrar que todo traballador asalariado está destiñando o seu esforzo ao beneficio dun setor, e no caso do profesorado, claro está, vai adicado a nós.

O problema chega cando no noso camiño se cruzan individuos sen noción algunha do que é o ensino, estancados na noite dos tempos, con ideas do pleistoceno unhas veces, e, se cadra, noutras coa protección que dá a táctica de solta-lo rolo cincoenta minutos sen parar, sen mostra-las súas habilidades pra facernos entende-lo tema.

O pior de todo non é isto -ogallá- senón que, polo xeral, fomentan en nós o odio pola asignatura que imparten, algo moi perxudicial pra aqueles que tiñamos pensado segui-los estudos por ese camiño. O que tamén sorprende é que alguén, supostamente intelixente, non se decate de que as súas clases son, hora tras hora, día tras día e curso tras curso, algo insoprible pra uns alumnos que, ou durmen, ou pintan a mona, ou estudan pra o exame de Matemáticas da quinta hora.

Toda esta serie de problemas témola reflexada,

incluso oficialmente, nun Regulamento de Réxime Interno no que a asistencia ás clases é entendida como unha obriga cando, indiscutiblemente, trátase dun dereito básico de todo alumno.

Iste feito puntual do Instituto no que estudamos non ven máis que a ratificar o que apuntaba anteriormente: hai moitos dinosaurios vivos aínda nas corredeiras dos Centros de Educación e convén, cando menos, remodelalos e axeitalos aos nosos días.

Mais todo isto compre solidificalo nunha reforma urxente no Sistema de Ensinanza.

Esta reforma pasaría, nunha primeira cavilación, por avalia-lo traballo do profesor, como en calquera outra profesión, que evite a deixadez unha vez acadado un posto fixo de emprego (contra o que non teño absolutamente nada, ao contrario), que únicamente perxudica ao en teoría beneficiado: o alumno. Deste xeito un comité de estudantes, xunto cun equipo de pedagogos especializados no asunto avaliarían as habilidades do profesional na tarefa do ensino. Isto provocaría que os profesores cos millores informes no seu periodo de prácticas acadasen antes un emprego, e os aferruxados a unhas ideas murchas espavilasen ou deixasen paso aos máis preparados.

Esto traería varias consecuencias:

Primeira: aquel que quixese asegura-lo seu traballo tería que se esforzar por mantelo sen a comodidade que dá a perpetuación.

Segunda: os profesores parados verían novas posibilidadeas ao remate da súa carreira, que os faría máis competentes e capacitados.

Terceira: todo isto desencadearía un proceso de selección no que os que millor o fixesen serían os que triunfarían, e os que peor, terían que millorar.

Cuarta: e, tras todo isto, atoparíamola solución que os alumnos buscabamos: un ensino de calidade, con profesores de calidade que soubesen prepararnos e darnos a coñece-lo mundo tan ansiado da cultura e da ciencia.

O Pensador Insaciable.

¿OUTRA REVOLTA?

Vivimos nunha sociedade xerarquizada, é dicir, nunha sociedade de clases onde o home é o inimigo do propio home. A nosa sociedade, como a maioría ao longo da historia, vive dividida entre os débiles e os poderosos. Os débiles pasan a vida traballando pra ter algo que darlle de comer ás súas familias, mentres que os poderosos, a parte de rascarse as pelotas, fan un grande esforzo enriquecéndose co traballo e os impostos dos traballadores.

Hoxe en día, que todos nos crémos moi listos e intelixentes, non entendo como podemos quedarnos cruzados de brazos mentres vemos que uns poucos se rín nosa.

Contamos na nosa historia con importantes revolucións (a francesa, a rusa, a cubana...) que pretendían rematar cos abusos dalgúns homes sobre os outros, pero... ¿qué se consegue?, remata a guerra e volven os abusos. Con todo isto a xente concienciouse de que o millor é cala-la boca e cada un que tire pra adiante como poida. As protestas só caben nas mentes dalgúns poucos. Pero ista non é a solución, non podemos permitir que os homes sexan esmagados polos propios homes porque senón, ¿qué sería do espírito humano?, ¿qué sería das nosas vidas? Nada máis que unha loita continua ata a morte, por iso debemos protestar e loitar polo que crémos xusto e preciso, pero... ¿cál debería se-lo noso seguinte paso? ¿Cecais outra revolta?

Antía Hevia Gómez

ISTO NON É HAWAY, NIN FALTA QUE FAI!!

Isto non é Haway, nin falta que fai!, échevos ben certo amigos, nos non precisamos semellarnos a Haway nin a ningún outro sitio porque, como dí a frase que serve de estandarte aos seguidores do movemento bravú: “Estamos no cú do mundo, pero temos bravura pra destroza-lo universo”. Nembargantes, un dos nosos problemas é que

sempre crémos que é millor o que nos chega de fora que o que temos na propia casa. A nosa terra, Galiza, é tan boa coma calquera outra, incluso millor somentes por ser nosa, e garda baixo a súa historia a grandes homes e mulleres que amaron e defenderon o seu país durante toda a súa vida. Lembramos a Rosalía de Castro, aquela á que moitos chamaron choromicas, e sentimos toda a bravura e carraxe que encerraba nas súas verbas cando dicía estes versos:

*“...Morreu aquel que eu quería
e para min n’hai consuelo
sólo hai pra min Castilla
a mala lei que che teño.*

*Premita Dios, Castellanos
castellanos que aborreso
que antes os Gallegos morran
que ir a pedirvos sustento...”*

Lembremos tamén a Alexandre Bóveda, quen participou na fundación do Partido Galeguista e foi un dos maiores defensores do Estatuto de Autonomía prá Galiza. Co alzamento militar do 36 foi detido, xulgado e fusilado. Amósanos o seu amor por Galiza nas seguintes palabras que foron parte da súa defensa diante do tribunal que o levou á morte: “...Fixen canto puideron por Galiza e máis faría se poidera. Se non podo, hastra gustárame morrer pola miña Patria.”

E como non íamos a falar de Castelao. Ao igual que Bóveda foi un dos fundadores do Partido Galeguista, despois do Levantamento viuse obrigado a marchar da terra á que tanto quería e aínda dende o exilio seguiu loitando por ela ata a súa morte. Escribeu o libro *Sempre en Galiza* que aínda hoxe séguese a considera-la *Biblia do galeguismo*, na que atopamos istas verbas adicadas ao seu amigo Alexandre Bóveda: “...Bóveda terá que ser nun mañá próximo ou lonxano, a bandeira da nosa redención”.

Como podedes ver, a nosa terra é unha mestura de carraxe e melancolía da que tódolos galegos deberíamos estar orgullosos, por iso, contra os repunantes que nos quixeron asoballar e contra os que aínda pretenden facelo, berramos cheos de bravura: GALIZA MORTA, NON!!

Antía Hevia Gómez

CATROCENTOS VOLTIOS.

Pero ¿non vos dades de conta? Falades e falades e logo chega o momento e nada, moito crér que sodes fortes pero na realidade asústanvos tódalas palabras que vos votan enriba. Aínda que fagades un aceno de desprezo e sorriades a verdade é que calquera vos engana e facedes sempre, sen sabelo, o que outros queren que fagades. Cáseque estou por dicir que non tedes remedio, que o voso é ficar derrotados a pesares de tantas pequenas victorias, non podeades coas montañas e montañas de rutina, obrigas, ordes e divisións que en poucos anos farán de vós un adulto máis sen norte, desprotexido, xa sen rabia. O que pasa é que en verdade non sodes capaces de calar e escoitar ó voso corpo, ou ó corpo da terra, que non tedes forza bastante para decatarvos de que ó fin estades sós, e que ninguén pode axudarvos.

Pero é difícil aceptar iso ¿non si?, é máis agradable falar e falar sen saber moi ben o que se dí, non escoitar, ollalo todo sen ver realmente nada. Aínda que non o saibades, góstavos obedecer sempre a alguén, dicir “ben, veña” cando fala o pai ou algunha outra das voces que despois se poñen no seu lugar, a do mestre, a do cura, a do médico, amontoar un pouco de cultura, te-la consciencia tranquila e que haxa saúde, con eso xa crédes te-la vida solucionada, e por riba échesevo-la boca cando falades da Patria, iso é o malo, querédesvos sempre parecer máis a vós mesmos, e así chegará un tempo no que xá non se vos poderá distinguir ¿ou crédes que Miguel Ángel pintaba esas figuras tan tremendas para contentar ós nobres e ós bispos, ou que as dúbidas de Hamlet pódense curar con alcohol e anfetaminas? ¿Quén de vós é capaz de escoita-la dor ou a paixón? Si, Don Quijote sabíao, el alomenos creou os muiños contra os que loitar, máis reais que as vosas ilusións, ou Emma Bovary, que pra desfacer-las súas cadeas non pensaba máis que nunhas caricias clandestinas. Pero non é doado, non...

¿De qué estou a falar?... xa non o sei moi ben, cecais de historias esquecidas ou de terrores propios, ou cecais é da morte... ¿pero non será tamén do que axuda a afastala para vivir máis a vida?... ¿qué hora é?, carallo é tardísmo, e hoxe

dixéronme que chegara cedo que toca sesión de electroshock.

Cornelio Agripa.

CUESTIÓN DE IDIOTAS.

Agora véñeme á cabeza un día que estaba eu escoitando a radio, como tantas outras veces (é unha costume moito máis sana que estar chupando á subnormal da Isabel Gemio pola tele), e nun programa de chamada do ointe saíu un individuo moi cabreado porque disque o seu fillo chegoulle á casa preguntando onde estaba o río Texo. O home non tiña nin p... idea e tomouna radiofónicamente cos mestres por ensinarlle aos rapaces as cousas por nomes que non as conoce ninguén (!?). O nachíño seica máis tarde descubriu que o río Texo de marras era o popular e castellano río Tajo (¡mira ti, ho!), e o berrinche que tiña era de coidado. Este fulano, como se pode deducir, usaba como idioma o “castizo” castellano (o idioma do imperio, que din os fachas).

Pero logo de pararme a pensar ocórresenme algunhas preguntas pra lle facer a este tipo: a ver señoríño... ¿cómo se chama a capital de Inglaterra? ¿Londres? ¡De ningún xeito! Segundo a súa teoría terá que ser London a capital de England, e München a de Deutschland, e cando vaia vostede á China ou a Xapón penso que non o vai a ter tan doado...

Sexamos razoables. Non podemos andar coas conachadas esas de poñer unhas línguas por riba doutras porque daquela apañados andariamos se fosemos a Francia e obrigásemos a calquer garda de tráfico a explicarno-la nosa situación nun castelán puramente pucelano, que din que é o máis perfecto (estes de España sempre con tonterías).

Ale, veña, cada un prá súa casa e na Galiza o galego e na China o chino; e a durmir tranquilos que mañá hai chollo.

César Pena Leira.

EX 1000

| | |
|---------------------------|----|
| 1. Grandes documentales | 45 |
| 2. Esta noite cruzamos... | 44 |
| 3. El día después | 36 |
| 4. Xabarán Club | 19 |
| 4. Caiga Quien Caiga | 19 |
| 4. La noche temática | 19 |
| 7. En Xogo goles | 17 |
| 8. Qué Me Dices | 14 |
| 9. Cine Club | 12 |
| 10. Documentos TV | 11 |

| | |
|-----------------------------|-----|
| 1. Nunca es tarde | -76 |
| 2. ¿Quién sabe donde? | -53 |
| 3. Se busca | -49 |
| 4. Lo que necesitas es amor | -35 |
| 5. Luar | -29 |
| 6. Pueblo de Dios | -26 |
| 7. Novedades increíbles | -19 |
| 8. Cine "X" | -7 |
| 9. Sorpresa, sorpresa | -6 |
| 10. Gente | -2 |



PANCHO (Francisco Martínez Leira)

Penoso, penoso. A verdade é que non pensaba que habiamos de ter estes resultados. Os campións non me sorprenden, case que son o millor e o peor que dan, mais logo, cando sigo mirando, dame pena atoparme co Xabarán Club con 19 miserentos puntos mentres que "Esta noite cruzamos el Mississippi", un programa de madrileños feito para os subnormais dos españois ten 44 puntos. Nin que o Xabarán non fomentara a música bravú, nin nada...

En fin...

Logo vexo "Qué me Dices" de oitavo, con máis puntos que Cine Club ou Documentos TV... penoso (o que dicía).

Dos malos poucos me sorprenden, pero "Luar" dóecheme na ialma, ¡Incríble! A verdade é que non me agardaba eu este fracaso dun programa que bate récords de audiencia na Galiza, que leva grupos bravús, grupos de gaitas, leva a Carlos Núñez e a The Chieftains, recupera as máis vellas tradicións do noso povo... e está entre os cinco piores. Ai que ter pelotas. Moito temos que cambiar, mimadriña.

Por último, alédome do de "Pueblo de Dios" (a ver se dunha vez se afunde a igrexa) e non sei que ten o Cine "X" de Canal + que non teña o de Canal 29 (supoño que ralliñas).

Nacido en Ombre-Pontedeume, o 21 de Decembro do 1916, instalouse en Mugar dos logo da Guerra Civil e entrou a traballar na Bazán. Dende alí conectou coas plataformas antifranquistas e alistouse no Partido Comunista.

No Xaneiro do 1948 incorporouse ás guerrillas e comezou os seus actos de bravura (como cando, cuns camaradas, roubou as patacas que a Mariña Civil requisara aos labregos de Valdoviño e devolvéulle-las a estes)

Pancho era un home arroutado e valeroso. Nunha ocasión, xa cando toda a Guardia Civil andaba detrás del, disfrazouse e andivo de parranda por diante mesmo da porta da benemérita.

Coa morte do Foucellas no 1952 somentes queda Pancho en activo na Galiza.

Ao final, necesitado de cartos ameazou a un falanxista eumés que o denunciou á Guardia Civil, que o sorprendeu cando voltaba a polo botín. Perseguírono na súa fuxida e déronlle morte alí mesmo, na Mediña. Trinta e oito anos e dez días despois de ter nacido moi preto dalí.

A FOLGA DO 15-O.

Queridas lectoras e lectores da revista, quérovos informar sobre un tema que nos engloba a todos e que nos é moi perxudicial, trátase das decisións que tomou o novo goberno sobre o ensino público. Como supoño que sabedes todos (ou case todos) houbo unhas folgas en toda España dos alumnos de B.U.P., C.O.U., E.S.O. e F.P. reivindicando varios puntos: a non masificación nas aulas e construción de 100.000 novas prazas en Ensinanzas Medias pra garantir 25 estudantes pos aula, o non despido de profesores e aumento da plantilla, o non endurecemento da Selectividade (sabede que a queren aumentar a dúas probas, o 7% do P.I.B. pra educación, a modificación da Carta de Dereitos e Deberes dos Estudantes, etc.

Os lugares onde se fixeron estas manifestacións foron **Ferrol**, Madrid, Barcelona, Asturias, León, Guadalaxara, Toledo e Cartaxena. O noso Instituto, xunto cos demais intitutos da zona de Ferrolterra, foi convidado á manifestación en Ferrol o día 15 de Outubro, pero eiquí **non fixemo-la folga** gracias á incompetencia dos nosos delegados que, a sabendas de que ese día habería unha folga, non nos avisaroncoa debida antelación (non **no** avisaron nunca).

Os delegados recibiron unha carta do **Sindicato de Estudantes** convidándonos a nós e mailos profesores á folga en Ferrol. Os profesores tamén se atopan afectados xa que a eles se les conxelan os salarios, son obrigados a aumenta-las horas de clase, a impartir clases que non son as súas, teñen as clases supermasificadas, etc.

Gracias ao pequeno "despiste" dos delegados non puidemos face-la folga xunto cos demais intitutos, e moitos dos alumnos enteirámonos de que se fixera unha folga en Ferrol polos medios informativos.

Por esto, pedímoslles aos delegados que nos teñan máis informados sobre este tema.

De tódolos xeitos, xa saberedes que pra o día 14 deste mes sí que vamos participar na xornada de loita.

REPARACIÓNS URGENTES.

Señores do Consello Escolar, voules facer unha pequena indicación de tódalas carencias que padece o noso Intituto e que convén foran tomadas en conta axiña nos presupostos anuais.

As **portas dos servicios** de alumnos están totalmente destrozadas (se as hai), tanto nas corredeiras de arriba, coma nas de abaixo e no ximnasio. Ademáis dase o caso de que este ano as duchas están a ser moito máis utilizadas que en anos anteriores (ou millor dito: estanse a usar), e o caso, pois pide maior urxencia.

A verxa da **pista de fútbol-sá** acordouse amañar no vran do 95. O asunto, sabe Dios por qué, séguese a demorar.

O sistema de prestación de libros da **Biblioteca** do Centro non é válido, é máis, eu diría que *absurdo*. A xente ficha os libros e se quere os devolve (cando lle pete) ou se quere non ¿quén se vai enteirar? Compre ter un rexistro verdadeiro que non permita que un alumno teña dous, tres, catro ou os libros que queira na casa e que en cada momento se sepa qué libros hai na Biblioteca e qué libros están prestados (como funcionan as vedadeiras bibliotecas). Pra isto bastaría cunhas sinxelas **fichiñas** pra os libros e pra os estudantes. Se vostedes ven que non atopan tempo ou que os profesores néganse a *currar extra*, pois déixense de tonterías expulsando á xente prá súa casa non sei cantos días e utilicen o disposto no **Regulamento de Réxime Interno** dunha vez en canto a traballos-castigo extraescolares.

Todo isto coido que é máis sinxelo de levar a cabo do que se quere facer, e a vida no Instituto milloraría moito, que é o que todos queremos.

Por último: ¿qué lles parecería poñerlle un nome ao **I.B.M. de Mugardos**?

Un estudante moi aplicado.

J.F.

O VERTEDOIRO DE BENS.

A mediados de Setembro aparecía en tódolos xornais e na tele a mesma nova: catástrofe en Bens. É dicir, acabou derrubándose o millón de toneladas de lixo que había no vertedoiro (esgotado, por certo, dende Agosto) coruñés. Corenta familias sen fogar e un home sepultado baixo o lixo.

Logo duns días incertos nos que diferentes partidos políticos discutiron a máis non poder, o 1 de Outubro Isabel Tocino, a ministra de Medio Ambiente, confirma que non vai declarar Bens zona catastrófica. Segundo ela “a catástrofe de Bens podería terse amañado”. Anímanos dicindo que tanto a Xunta como a administración central aportarán axuda económica, pero que aínda non sabe cando. De momento o que fan é por unha rede de nailon ao redor do vertedoiro, e chegan novas dicindo que a fauna mariña está biolóxicamente alterada.

“O obxectivo do goberno” -dí a Tocino- “é complementar incineración e reciclaxe para mellora-la actual situación española”. ¡¿Mellorar?! Ante esta afirmación, GREENPEACE replica que a incineración agravará o problema e que o que hai que facer é un plan global de redución de basuras a nivel estatal.

A seguinte nova relevante que aparece na prensa o 11 de Outubro, é a de que GREENPEACE depositou as bolsas dos residuos recollidos na mar

(¡que efectiva é a rede!) Na porta do ministerio de Medio Ambiente. Despois de agardar un par de horas, uns funcionarios leváronas a dentro do edificio. Que lles aproveite.

O día 16 as corenta familias afectadas, que residían no Pazo dos Deportes de Riazor, presentan 5.000 firmas de coruñeses solidarios... no rexistro do Concello. Ata agora seguen presentando firmas e manifestándose, co apoio dos cidadáns da Coruña.

E así estamos: o único bó (algo tiña que haber) do asunto é que a xente concienciouse, e en numerosas localidades hai protestas contra a incineración, en favor da reciclaxe. O caso é que as tomen en serio.


O caso de Bens non é un caso illado: moitos vertedoiros en toda España, sobre todo na Galiza, están a punto de sufrí-la mesma sorte. Estes son os perigos que ocasiona un vertedoiro:

I.- As fogueiras (provocadas ou accidentais) desprenden gases (Dióxido de carbono, dioxinas...) perxudiciais para a atmósfera, ao igual que os que se desprenden de xeito natural (metano, benceno...)

II.- Contaminación do fondo mariño e das augas subterráneas.

III.- Fauna morta en accidentes con plásticos..

Xulia Vidal Ibáñez.



◀ AHÍ TEDES...

CRÓNICA DUN MACROCONCERTO...

Espetacular... Pra quen non foi somentes diremos que o de Donington pertence a un xénero menor, e pra os que xa fúchedes -moitos máis dos que agardabamos- lembrade agora aquela apoteose... ¿xa? Ben, pois se non sodes quen, fagamos memoria:

Foi un Mércores 26 de Xuño. O día amenceu tranquilo, sen a ameaza da choiva. Os que tiñamos chollo tivémonos que erguer cedo... a iso das 7:30 (pedazo pasada). Os músicos e os organizadores da A.E.G. fóronse xuntando ata que estivemos todos, e entón xurdiron os primeiros problemas técnicos: vivíronse momentos de auténtico pánico, con Simón a piques de cortarse as veas incluído (é broma), pero ao final achouse a solución e comezou o "I MACROCONCERTO ROCK A.E.G."

Os encargados de inaugura-lo acontecemento máis agardado do curso foron os *Lakón con Grelos*, que tocaban sen o seu cantante orixinal, Mákina, sendo substituído por Aitor, que tamén tocou a guitarra, ao igual que Raúl; Toni sentouse á bataca e Súrfur tocou o baixo. No repertorio incluíron dende temas coma "Choco-tripis", "Faite un flai", "Condenados a sachar" e "Nunca cambiaremos" ata versións de "Mucha policía, poca diversión" de *Eskorbuto* ou "Lola" de *Cicatriz*. Sorprenderon moi gratamente, con letras frescas e divertidas e un ritmo pegadizo que conectou axiña co público.

Logo veu o turno de *Eskizo-Rock*, un cuarteto de músicos moi novos composto por Joaquín (voz), Mon e Agus (guitarras) e Farruco (bataca), que logo de solucionar-los problemas de afinación comezaron a tocar temas de *Los Suaves* ("Dolores se llamaba Lola" ou "Peligrosa María") e ata o "Smoke on the water" dos *Deep Purple*. A guitarra solista apuntou moi boas maneiras e, xunto con Simón, que colleu o baixo, mostráronse coma un grupo que sabía o que tocaba.

Tras deles, *Arume* puxo en escea todo o seu repertorio, moi ben escollido, no que puidemos desfrutar de "Flojos de pantalón" de Rosendo, ou "Animal caliente" de Barricada. Cancións que animaron ao público a corealas, ata o punto de que algúns puxéronse a facer mosh descontroladamente, polo que tiveron que intervir as autoridades (vaia bola). Fixérono bastante ben, do millor do Macroconcerto, e demostraron, salvo algunha excepción, leva-la cousa moi ben preparada. En fin, que agardamos que o cuarteto composto por Chef, Noro, Toni e Seli esté connosco de novo dentro de moi pouco.

E chegamos a *Dragón Peta*. Borrade dos miolos calquera concerto convencional: o espectáculo preparado por César, Yosi, Piru e Edu (que substituína na batería a Meet) baseouse máis ben no caos. Musicalmente non se luciron (inda que Piruco e Edu Varela demostraron talento). Tras do "Dende que naceu tolearon as vellas" o "Me fajo unha tortilla, me jalo unha ensaladilla" e o "No somos nada" de *La Polla Records*, Tarugo entrou en acción e co seu "Afafaifo" deixou a todo dios polo chan do descojone. Ao final remataron coas gorxas roxas ata estoupar con "Espinete, el amigo de los niños" que cantou todo o mundo, enchéndonos a todos de nostalxia.

Dende a A.E.G. temos que lembrar, case que obrigatoriamente, que *Dragón Peta*, xunto con *Lakón con Grelos*, foron os dous grupos que cantaron en galego, que é moi de agradecer.

Ás *Malas Compañías* xa os coñecedes todos... a voz de Santos comezou con Nino Bravo e "Un beso y una flor", Manolo e Fuco acompañándoo a guitarrazo limpo, Raúl pegándolle ao baixo e Roge dándolle unha brasa tola á bataca deixáronnos a todos conmocionados coa explosión musical. A verdade é que o grupo aresano apunta alto. Incluso agasalláronnos cun estreo e todo (moitas gracias), e nós pois devolvémolle, máis ou menos, o favor, anunciándovos que, se vos cundeu a súa tocada, podedes conseguila maqueta por cen pesos, por exemplo, no bareto de Tarugo: o Akelarre.

E así foi o "I MACROCONCERTO ROCK A.E.G.". Agora prepararemos unha serie de concertos no Magosto, Nadal e Entroido que dimos en chamar "BEZOUÇOS ROCK A.E.G." e que servirán de entrada, se todo marcha ben, pra o "II MACROCONCERTO ROCK A.E.G." alá polo fin de curso 96-97.

Estade atentos...

A.E.G.

POR MOTIVOS TÉCNICOS NON DISPONEMOS DAS FOTOS DE ARCHIVO DE TAN EMOCIONANTE MOMENTO, CO CAL OBSERVIAMOS A VISTA COA MARAVILLA ARTÍSTICA DE CARTEL QUE O ANUNCIOU. (ALGÚN DÍA COLGARA DUN MUSEO) ▶

MACROCONCERTO ROCK

mércores 26 ás 11:00 da mañá

NO INSTITUTO CON

LAKON CON GRELOS

ARU ME

ESKIZO ROCK

DRAGON PETA

E

MALLAS S

COMPANIAS S

DE GRATIX



A PRESTACIÓN SOCIAL SUSTITUTÓRIA (PSS).

É o servizo obrigatorio e substitutorio do Servizo Militar que teñen que cumprir os Obxectores de Conciencia. Unha vez que eres recoñecido Obxector quedas desvinculado do Ministerio de Defensa e pasas a depender da "Oficina para a Prestación Social Substitutoria do Obxectores de Conciencia", órgano dependente do Ministerio de Xustiza e responsable da xestión, inspección e desenvolvemento da PSS. Tamén se encarga de calificar aos Obxectores (útil, apto, excluído temporal, excluído total) e chama-los para a realización da mesma.

Unha vez declarado útil, envíanche o listado daqueles lugares a onde te podes incorporar, coas súas características e condicións (data de inicio, horario, dotacións de comedor e/ou aloxamento, etc) deberás escoller tres e logo eres asignado a un destino, que non sempre coincide co que ti escolliches.

Un dos problemas para a realización da PSS consiste na falta de dotacións das entidades prestacionistas, que fai que en Galiza sexa mínimo o número de prazas que ofertan aloxamento e manutención. Neste caso podes e debes exigir un horario axeitado. Asemade a Oficina da PSS ten que proporcionarche un cheque para gastar en Grandes Almacéns, en concepto de uniforme.

Debido ao enorme e crecente número de Obxectores -muito maior que o de prazas ofertadas- acostuman tardar entre dous e tres anos desde a tua clasificación como útil, en chamar-te a incorporación. Porén, se queres que esta sexa mis rápida, podes solicitar INCORPORACIÓN INMEDIATA, conseguindo así abreviar o tempo de agarda.

Desde distintos ámbitos ten-se criticado a PSS por distintos motivos: polo seu carácter substitutorio da mili (xustifica o mantemento do SMO, despoñando a Obxección de Conciencia do seu carácter anti-militarista), polas condicións de realización (maior duración e un réxime disciplinario similar ao da mili), pola perversión que supón

do Voluntariado Social (totalmente incompatible coa obrigatoriedade) e a desprofesionalización de determinados servizos, nos que os Obxectores están a ocupar postos de traballo que deberían ser cubertos por persoal cualificado ou profesional.

LEMBRA:

Se decides facer a PSS podes e debes denunciar todos aqueles aspectos nos que creas que se quebranta o seu regulamento e/ou se producen irregularidades.

PASOS PARA TE DECLARARES OBXECTOR SEGUNDO A LEI.

- Podes, mediante instancia, solicitar ser recoñecido obxector se estás suxeito a obrigas militares. Os motivos son os de tipo ético, filosófico, relixioso, humanitario ou outros de estilo semellante.

CANDO PODES SOLICITAR A OBXECCIÓN?

- Podes solicita-la antes ou despois de faceres a mili, pero nunca mentres esteas incorporado a filas.
- ➔ A solicitude podes presenta-la desde o último trimestre no que cumpras os 17 anos até dous meses antes da incorporación a filas. Se presentas a instancia neste prazo, a incorporación a filas ten que quedar suspendida. Se resultas recoñecido Obxector, pasarás directamente a situación de dispoñibilidade (no caso de que íoses apto para o SMO) da PSS, desvinculado a todos os efectos das autoridades militares.

ONDE HAS DE PRESENTAR A OBXECCION?

- A instancia terás que dirixi-la ao:
CONSEJO NACIONAL DE OBJECCION DE CONCIENCIA.
Ministerio de Justicia.
Serrano, 19, 5ª.
28001 MADRID.

Podes face-lo persoando-te al mesmo, ou no rexistro do Goberno Civil, ou tamén nas oficinas de Correos, como carta certificada en sobre aberto.

Haverás de levar tres copias idénticas da instancia, unha para o CNOC, das que haberás de gardar unha, unha vez xa selada, como certificación da solicitude.

¿ PODES FACER SE CHE DENEGAN A INSTANCIA?

Podes acudir aos Tribunais de Xustiza con asistencia le avogada/o para presentar o recurso previsto, que e e pronta resolución.

Se o tribunal tamén denega a solicitude, podes interpor recurso de amparo diante do Tribunal Constitucional. Mentres se resollen o recurso queda suspendida igualmente a incorporación ao SMO.

¿ SE QUEDARIAS OBRIGADO AO SERES RECOÑECIDO OBXECTOR DE CONCIENCIA?

Se quedas obrigado a realizares a Prestación Social Substitutoria, que ten na actualidade unha duración de 13 meses, para o que no seu momento che enviarán a orde de incorporación.

Na PSS, os motivos de aprazamentos e exclusión son semellantes aos do SMO.

DERROTA DO GALICIA DE MUGARDOS
EN CALLOBRE.

O último desplazamento do Galicia de Mugardos "A" foi a terras pontevedresas de Callobre. A expedición mugardesa saiu ás 13.30 dende A Pedreira (Mugardos), chegando a Callobre dúas horas despois, tras dunha dura viaxe. Mentres os xogadores se dispoñían a prepararse para o partido, os siareiros máis radicais iban poñéndose a tono nun "bareto" preto do terreo de xogo.


A alineación que presentou o Galicia "A" foi a seguinte: Oscar, Carlos, Manuel, Chus, Calimero, Fon, Pipo, Michel, Javi, Roberto e Nacho.

O partido foi moi animado, sobre todo, cando os seguidores mugardeses increpaban ao árbitro con todo tipo de inxurias. O curioso é que o colexiado respondía a estes insultos dunha forma clara e feroz. Os ánimos foronse quentando e a maior bronca produciuse cando o señor de negro perdoou a expulsión a un xogador do Callobre tras dunha clara falta por detrás, sen balón.

Despiste fatal.

Como anécdota á marxe do partido hai que destacar un grave erro cometido pola directiva do Galicia de Mugardos, (á que podemos calificar de inoperante e inconsciente) que esqueceu as fichas dos xogadores nas instalacións da Pedreira. Este erro non tivo maior transcendencia gracias a que o presidente do clube foi polas fichas e chegou a Callobre cando xa estaba a piques de comeza-lo partido.

David e Pablo.



OS RESENTIDOS: SEMPRE EN GALEGO.

Moito diluviou dende aquel comentado “*Fai un sol de carallo*”. Ao longo da súa carreira o grupo fixo as súas actuacións en pequenos locais e só pra os seguidores fieis. Isto fixo que o grupo non desaparecera nun abrir e pechar de ollos como lle sucedeu a tantos outros.

O sentimento nacionalista foi o único elemento que perviviu na longa etapa de traballo do grupo vigués.

Mais agora Antón Reixa, ex-líder de “*Os Resentidos*”, decántase por outras actividades como a escritura ou os medios de comunicación e di: “Hai un valor que logramos manter ao longo deses 13 anos e do que me sinto especialmente satisfeito: cantar en galego, que foi máis difícil do que pensabamos. Foi unha batalla que gañamos con naturalidade, inda que comercialmente tivemos moitos problemas fora da Galiza, onde hai unha especie de xenofobia lingüística”, reconece o cantante, escritor, profesor e comunicador de Vigo.

Como podemos ver, “*Os Resentidos*” foi un dos primeiros grupos que levaron a cabo a difícil tarefa de cantar na nosa lingua e conseguir triunfar; ademáis, levaron por toda a Hespaña o orgullo de ser galegos, é dicir: **o orgullo de ser diferentes.**

Antía Hevia Gómez.



▲ ANTON REIXA NA SÚA ETAPA COS RESENTIDOS.

◀ NEWT EN DIREITO.



A NOSA MÚSICA.

Grupos “Folk”: *Roncarela*

Grupos en galego: *Dragón Peta e Lakón con Grelos.*

Grupos en castelán: *Arume, Eskizo-Rock, Malas Compañías e Barrock.*

Grupos en inglés: *Wisdom e Newt.*

TRASH-METAL MUGARDÉS.

UN BREVE REPASO Á HISTORIA DOS "TRITONS".

Situámonos no ano 1991, cando un xoven guitarrista (Alberto) comeza a preocuparse polas súas inquedanzas musicais e comeza a compoñer algunhas cousas enmarcándose no estilo co que el se sente máis identificado; e xa dende entón comezan os problemas... O primeiro pra formar un grupo de rock é, indubidáblemente, conseguir a xente e os instrumentos necesarios, pero desgraciadamente ningunha das dúas cousas medran nas árbores.

Logo de pasar algún tempo (demasiado) e incluso de tentar unha primeira formación que non saiu moi ben, Alberto remata os que considera temas suficientes pra encher unha posible maqueta (a base melódica del e temas propios) e consegue, por fin, o seu instrumento, pero faltáballe algo... o resto do grupo. Atopámonos no Nadal do 92.

A partires de entón Alberto tenta buscar entre os seus amigos e convencer a algún pra que formen un grupo con el.

No 93 comeza dende cero con Mario (baixo) e Rubén (guitarra) pero, logo de tentar lialo con anterioridade, consegue que se una ao proxecto un guitarrista con xa algunha experiencia: Xosé Alberto, e con el comezan a mirar algún dos temas mentres que Rubén e Mario vanse adaptando aos novos roles de baixo e batería respetivamente.

E tras dun grande esforzo (económico principalmente), por fin se acaba ter todo o grupo (con instrumentos) no vran do 94. Comezan a ensaiar con máis ilusión ca outra cousa; e as cousas van marchando bastante lentas, pero seguras.

Enfróntanse con máis problemas no 96 cando Mario avisa do seu abandono por motivos laborais, e é cando chega Xavi (tamén partindo de cero) e tras dunhas duras xornadas de traballo, debutan en directo no Casino de Franza, a verdade é que sen moito éxito, pero agardando que os seus erros no pasado os fagan millorar no futuro.

¡Ah! E o último contratempo é a marcha (por

motivos persoais) de Xosé Alberto, un dos guitarristas, así que se a algún lector lle interesa pode falar no instituto con Xavi (Javi Jipi, para máis señas).

ENTREVISTA A NEWT.

- ¿Quénes sodes? ¿De onde vides? ¿A ónde vades?
- *Somos Newt, vimos de ensaiar e vamos facer unha entrevista.*

- Pra que sepan... ¿Qué música facedes?
¿Influencias?

- *Básicamente trash-metal. Influencias son: Metallica (os vellos), Testament, Iron Maiden, Slayer, Creator, etc.*

- ¿E iso de cantar en inglés?

- *O idioma do rock and roll é o inglés, e soa millor.*

- ¿O das greñas é unha firma da casa?

- *Foi dende que botaron do catecismo a Rubén (a Alberto tamén o botaron, pero volveu).*

- ¿Cándo, ónde e cómo foi o voso primeiro concerto?

- *Foi en Franza, o 27 de Setembro deste ano,... e bastante mal.*

- ¿Qué opinades dos demais grupos de Bezoucos?

- *Últimamente saen moitos grupos cos que, ideolóxicamente, non coincidimos. Nembargantes si conetamos con xente coma Lakón con Grellos e os clásicos Barrock, Malas Compañías e Wisdom.*

- ¿Relacións con algún deles?

- *De amizade cos catro de antes, Dragón Peta e Eskizo-Rock.*

- Plans de presente.

- *Buscamos novo guitarrista.*

- Plans de futuro.




- *Imos grabar unha maqueta, pero depende das circunstancias.*


- Teléfono de contacto.

- *470039, para cumpreanos e festas de gardar (inda que temos que falar co manager).*


Entrevistados no Akelarre o 31-X-1996 (d.C.).

FORTU & BIRRAS





CESAR
MÚSICA DE "A PAVA ARESANA É A MAÍ ENANA"
DE DRAGÓN PETA.



HORIZONTAIS: 1. Mulher imaginária dotada de poderes mágicos. Veículo de quatro rodas. 2. Un (na baralla). Fritos da vide. Símbolo químico do ouro. 3. Povo galego que limita con Bueu e Moaña. Símbolo químico do alumínio. 4. Símbolo químico do hidróxeno. Árbore ilicita de follas espinosas e madeira branca e moi dura. 5. Nese lugar. Xantar con ataduras (unir). Mil en números romanos. 6. Primeira nota musical. Lago pequeno. 7. Pranta gramínea que produce mazorca. Instrumento musical de vento con seis buratos e varias chaves. 8. Tanto marcado nun partido de fútbol. O primeiro número. Argola, anel. 9. Queimar demasiado. Consoante. 10. Símbolo químico do Tantalio. Ningunha cousa. Símbolo químico do Astato.

VERTICAIS: A. Fascista. Símbolo químico do Magnésio. Consoante. B. Parte saint dunha vasilla, cesta, maleta, xarra... Dise da persoa que carece de intelixencia. C. Cincocentos en números romanos. Símbolo químico do nitróxeno. Organo utilizado para ver. Da Líquido elemento. Cincoenta en números romanos. Símbolo químico do radón. E. Escornabois. F. Casa cativa do campo. Terceira persoa do plural do presente de indicativo do verbo dar (ó revés). G. O mesmo que "aos". Dise do estudante que non fai nada nas clases. Deus do sol na mitoloxía exipcia. H. Cen en números romanos. Medida de peso usada antigamente. I. Aureola. Vaso sanguíneo que sae do corazón coa sangue oxixenada. L. Pronome persoal. Mil en números romanos. Río galego que limita con Asturias. Consoante.



NON HA QUE FIARSE
DAS CAPAS ALTAS
DA SOCIEDADE:
A MERDA FLOTA E
TEN TENDENCIA A
SUBIR...

FACER UNHA
ESTUPIDEZ É
MAIS FACIL QUE NON
FACELA... A PROBA
É OBSERVAR O QUE
FAI A MAIORIA DA
XENTE...

NON SE DEBE AIFAR
XAMAI CON UN TONTO
SE QUEDAS BEN, NON
TEN MERITO...
E ENRIBA CORRES
O PERIGO DE
QUEDAR MAL!!...

¡¡MARIQUITA!!

¡¡TEU PAI!!


DIME
ALGO
CARIOSO...

¡¡QUE
FEMIA!!

¡¡CALATE
BVRRO!!

¿CONECES
DALGUNHA
PISCINA POR
AQUÍ??...

¡¡SI, PERO É UN
VASO DE KOLHATA
E NON VEXAS COMO
IRINGA...



PUBLICIDADE:

NOTA DEL EDITOR:
BAIXO ESTA MANCHA NEGRA PRODUCIDA POR UNHA INEXPLICABLE
ERRATA DA IMPRENTA
HAZ UN CHISTE QUE CONSTA DE TRES ELEMENTOS: UNHA CHICA QUE
GARDA UN ASOMBROSO
PARADO BOA SEÑORA DO PRESI, UN DOBERMAN BOTANDO UN CASQUETE E O RÓTULO DE
UNITED COLORS OF LENDIRO. XA QUE NON SE VE O EXPLICO PARA QUE NINGUÉN PENSE QUE
A COUSA VAI DE CENSURA, ¿EH?

A Agrupación Cultural Bestarruz de Mugardos

ORGANIZA: PROYECCIONS CINEMATOGRAFICAS . VENRES 15 : "SEVEN" na Casa da Cultura.

CURSO DE RESTAURACION DE MOBLES
(baixo do centro de saúde)
de martes a venres de 20:00 a
21:00 horas a partir do
martes día 8 de outubro.



FOR

OF

THE

PEOPLE

AND

THE

G. B.

SUPPORT

THE

PEOPLE

AND